



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía número 635/2022, resolveuse aprobar as bases selectivas para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura de prazas de auxiliar administrativo/a (Subgrupo C2).

Por resolución da Alcaldía nº 741/2022, de 16 de novembro, aprobouse a lista provisional de admitidos/as-excluídos/as no proceso para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura de prazas de auxiliar administrativo/a (Subgrupo C2), publicándose a mesma para xeral coñecemento, na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Ponte deume, concedendo un prazo de 10 días hábiles para emendar as solicitudes, contado desde o seguinte á devandita publicación.

Transcorridos os dez (10) días hábiles, presentáronse varias reclamacións.

Unha vez revisadas as reclamacións foron aceptadas, e polo tanto recoñeceu o dereito á corrección dos erros e á inclusión na lista definitiva das solicitudes realizadas e omitidas na lista provisional.

Por resolución da Alcaldía nº 795/2022, de 13 de decembro, resolveuse aprobar a listaxe de persoas definitivamente admitidas para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura de prazas de auxiliar administrativo/a (Subgrupo C2).

Detectados varios erros na indicada listaxe definitiva aprobado por medio da resolución ditada no día de onte, resolución da Alcaldía nº 795/2022, de 13 de decembro, e atendendo ao indicado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Por resolución da Alcaldía n.º 803/2022, de 15 de decembro, resolveuse:

“**PRIMEIRO.**- Rectificar os erros detectados, de aí que onde di:

#### PERSOAS ADMITIDAS:

21	BOQUETE BOUZAS	OLAYA	****167N
----	----------------	-------	----------

Debe dicir:

21	BOQUETE BOUZAS	OLALLA	****167N
----	----------------	--------	----------

**SEGUNDO:** Asi mesmo incluír na listaxe definitiva de persoas admitidas, que por erro non foron incluídas, a:

-PÉREZ VÁZQUEZ DIGNA MONTSERRAT. \*\*\*\*\*360X”

Documento asinado polo Sr. Alcalde-Presidente, Bernardo Fernández Piñeiro.

